


¿E LOGO VÓS?



Eu estou case segura de que todos os estudantes deste centro (e os que son doutros probablemente tamén) estamos cansos de escoitar ido de : "ide estudando, non deixedes todo para a última noite" ou "tedes que mirar todos os días o que se viu na clase, por se tedes dúbidas", e un cento delas deste tipo. Eu ben sei que nolo din por ben, pero é que tamén se podían parar un chisquiño a pensar; non temos só a súa materia, senón 10 ou 12 máis. Xa que logo, se todos fosemos tan disciplinados como queren, non teríamos un minuto de descanso. Se non me credes, botade contas (e que boten tamén eles): 6 horas de clase ao día -cando non son 8 (grazas a M. Monterroso

por entender o noso sufrimento de luns)-engadímoslle unha ou algo máis para os exercicios, outros 60 minutos por materia, as clases particulares, a escola de idiomas, os bailes de salón,... ¿e que? Pois que non teríamos tempo nin para durmir, e por enriba, se non axudamos algo na casa porque non temos cando, chámannos troleiros e lacazáns. ¿Acaso os traballadores asalariados teñen unha xornada tan longa e intensa? ¿Ou isto é explotación estudantil?

Por se esta razón non fose dabondo, ¿por qué eles non predican co exemplo? ¿De verdade credes que cando eran coma nós(hai xa moito, moito tempo) facían todo o que hoxe din? Se cadra tiñan ocupacións máis entretidas ca esa, ¿ou non? ¡Pode que algún fose sempre así! Ai, coitadiño... Algúns (aínda que xa case é unha especie extinguida) tardan en corrixir os exames o dobre do que nos leva a nós estudalos, que xa é dicir. ¿Ou eles non teñen obrigas coma nós? Se non levamos todo ao día xa somos uns folgazáns e uns desleixados, ¿e eles que? Xa digo, destes quedan poucos. O claro exemplo desta evolución é o noso querido Bande, que case traballa tanto coma nós. Sen embargo dende aquí fágolle unha petición: ¡Pónnolo algo máis doado, que no verán queremos ir á praia!

Beatriz Rey Gosenje. B1A.


UN PEQUENO MONSTRO

Adrián é un pequeno monstro que veu ao instituto e instalárono na nosa clase.

El sempre está berrando, non lle fai caso aos profesores, non fai os deberes, sempre saca ceros nos exames e fai que os profesores chamen á súa casa.

Ten un cento de amoestacións, uns cincuenta partes de expulsión, pero a el tanto lle ten.

Non tiña amigos e, dun día para outro, empezou a



facen as cousas ben. Ao cabo dun tempo, os profesores

sentíanse orgullosos del e empezou a ter amigos.

Estaba a piques de rematar a segunda avaliación cando el e mais eu nos fixemos amigos. Fíxose o máis estudioso e xa se portaba ben. Xa tiña moitos amigos.

Cando todo estaba ben, tivo que marchar, e todos nos puxemos enfermos pola súa ausencia. ¡Botabámolo de menos!

GLORIA CORRAL CEA. S1A.